

RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre e Xosé Bieito ARIAS FREIXEDO (eds.) (2016): *The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O esplendor da poesía galega medieval*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, 343 pp.

A conmemoración do centenario da descuberta e primeira publicación, en 1915, do Pergamiño Vindel unida, en datas aínda máis recentes, á volta temporal a Galiza do manuscrito, custodiado desde hai catro décadas na Pierpont Morgan Library & Museum de Nova Iorque, supuxo ao longo dos tres últimos anos a celebración de diversas iniciativas de divulgación e investigación científica (coloquios, seminarios, publicacións, edicións, traducións, antoloxías etc.) arredor da obra de Martin Codax e da produción literaria medieval galego-portuguesa, nomeadamente a nosa lírica profana trobadoresca. A Universidade de Vigo foi, sen dúbida, un dos principais axentes promotores desta actividade coa organización, en colaboración coa Xunta de Galicia, da exposición “Pergamiño Vindel: un tesouro en sete cantigas” no Museo do Mar de Vigo (outubro 2017 - marzo 2018), paralela á celebración do ciclo de conferencias *Os xoves do Vindel*, coordinado por C. Noia Campos. Precisamente, un dos principais resultados desta intensa actividade é a preparación da monografía *O Pergamiño Vindel e Martin Codax. O esplendor da poesía galega medieval*, editada por Alexandre Rodríguez Guerra e Xosé Bieito Arias Freixedo e recentemente publicada, en galego, na prestixiosa editorial John Benjamins.

*The Vindel Parchment and Martin Codax* concíbese como un conxunto especializado e interdisciplinar de dezaioito contributos orientados, de maneira complementaria, ao ámbito literario (caps. 1-6) e do contexto sociohistórico, cultural e de recepción (caps. 7, 15-18), así como tamén enfocados no estudo ecdótico (cap. 8), codicolóxico (cap. 9), lingüístico (cap. 10-12) e musical (caps. 13-14) da obra en cuestión.

Do punto de vista literario, reflexiónase primeiramente, da man Vicenç Beltran (cap. 1), sobre o lugar que ocupa a obra codaxiana na produción poética europea do seu tempo, en relación coa difusa fronteira entre os universais poéticos e as tradicións míticas ou literarias reais,

en cuxa identificación se sopesan as diferentes ligazóns textuais e antropolóxicas. Pola súa parte, o traballo de Yara Frateschi Vieira (cap. 2) ofrece unha revisión das diferentes propostas e presupostos tradicionais relativos á unidade temática e narrativa das cantigas de Martin Codax, así como dos enfoques alternativos centrados na súa serialidade orgánica e conseguinte progresión narrativa ou na identificación dos seus marcadores formais, facendo fincapé, igualmente, na propia competencia creativa do autor a pesar dos límites paralelísticos. Pasando ao eido da métrica, Rip Cohen (cap. 3) aborda diversas cuestións particulares como o deseño estrófico, a técnica retórica do *leixapren* ou as conexións entre forma, retórica e os procesos cognitivos, ao tempo que discute a tese da secuencia organizada dos poemas codaxianos apoiada na análise métrica. António Resende de Oliveira (cap. 4) céntrase na traxectoria da tradición manuscrita da poesía trobadoresca galego-portuguesa, desvendada a súa estrutura interna e a identificación das diferentes instancias compilatorias, enfatizando, tamén, a inclusión da obra codaxiana nos cancioneiros colectivos. Ria Lemaire-Mertens (cap. 5), pola súa parte, reivindica o papel da muller na composición e interpretación das cantigas de amigo, así como a necesaria reorientación historiográfica da lírica duocentista, superando a perspectiva decimonónica e tomando como base a obra codaxiana, singularizada, tamén, pola iniciativa sexual feminina. Por último, o traballo de José António Souto Cabo (cap. 6) propón vincular once dos autores do *Cancioneiro de xograis galegos*, aqueles agrupados baixo a denominación de cantigas de santuario –entre eles Martin Codax–, á rexión suroeste galega, ao tempo que se postula Paio Gomes Charinho, trobador e importante membro da corte de Sancho IV –almirante e adiantado de Galiza–, como dinamizador da actividade xogralesca e posíbel comitente dunha compilación de cantigas de santuario.

En coherencia coa segunda parte do título desta monografía, *The Golden Age of Medieval Galician Poetry*, o contexto (socio)histórico e cultural en que se emprendeu a composición e transmisión da obra codaxiana e, en xeral, a produción lírica trobadoresca é outro dos puntos centrais. Por unha parte, o artigo de Ramón Mariño Paz (cap. 7) permítenos acceder de maneira global e por vez primeira á historia literaria da Galiza medieval desde a perspectiva do mecenado rexio e señorial, tanto da poesía lírica como da prosa ficcional e historiográfica, salientando os diferentes núcleos nobiliárquicos –os Traba, os Lima, os Andrade e os Enríquez de Lemos, entre outros– en que se xestou a intensa actividade de creación, difusión, tradución e compilación das nosas letras pleno e baixomedievais (sécs. XII-XV). A perspectiva propiamente histórica vén da man de Anselmo López Carreira (cap. 15), que nos aproxima, a través do confronto e extrapolación de distintas fontes documentais e arqueolóxicas, ao proceso de conformación urbana do Vigo medieval coetáneo ao autor das sete cantigas, a cabalo dos séculos XIII e XIV. A revisión historiográfica da recepción moderna do Pergamiño Vindel constitúe o último bloque temático da monografía (caps. 16-18) e nel presentanse tres traballos, da autoría de Xesús Alonso Montero, Ceferino de Blas e Mariña Arbor, centrados nas vicisitudes polas que atravesou o manuscrito desde o descubrimento do manuscrito por Pedro Vindel e a repercusión do achado na prensa da época, pasando polo seu periplo europeo (Uppsala, Londres), até a súa definitiva adquisición pola Morgan Library en 1977.

Os enfoques literario, sociohistórico e historiográfico vense felizmente complementados nesta monografía cun bloque temático centrado no estudo lingüístico, ecdótico, codicolóxico e musical do Pergamiño Vindel (caps. 8-14). Primeiramente, do punto de vista lingüístico, a análise de Manuel Ferreiro (cap. 10) permite identificar na forma expresiva codaxiana todos ou case todos os trazos de carácter fonético, morfolóxico e léxico característicos do xénero da cantiga de amigo; por outra parte, discútese a presenza de certos usos e vocábulos (como *senneira*, *ergas*, *velida* ou *mirar*) que distinguen a súa produción literaria da doutros trobadores. Pola súa parte, Alexandre Rodríguez Guerra (cap. 11) aborda a sintaxe oracional das sete cantigas e identifica certas características singulares da obra codaxiana a través dun exhaustivo confronto cos datos procedentes doutros subtipos líricos, tendo en conta os esquemas oracionais, a súa tipoloxía e clasificación verbal. Para alén dos ámbitos fonográfico, morfolóxico,

sintático e léxico estudados nestes dous artigos, o contributo de Xosé Xabier Ron Fernández (cap. 12) oriéntase cara ao ámbito onomástico e nel discútense diferentes propostas de identificación e interpretación antroponímica de certos trobadores a través da tradición manuscrita e do rexistro documental, facendo fincapé na problemática de certas formas abreviadas ou mal transmitidas, nas confusións entre topónimo e alcume ou na ausencia do patronímico como indicio equívoco da condición do autor.

Do punto de vista ecdótico, o traballo de Xosé Bieito Arias Freixedo (cap. 8) pon en relevo as dificultades de edición do texto codaxiano, mesmo nas propostas editoriais máis confiábeis, debido, entre outros factores, á conflictiva interpretación da orde estrófica e da ruptura da simetría, á multiplicidade de formas gráficas e á imposibilidade dunha escolla definitiva e certa (por exemplo, no caso dos encontros vocálicos), ou á indistinción en certos casos entre hipotéticas variantes intencionais do autor e presuntos erros de transmisión –oral ou escrita– do texto. Pola súa parte, o traballo de Mariña Arbor Aldea e Antonio Ciaralli (cap. 9) actualiza a descrición codicolóxica e paleográfica do Pergamiño Vindel feita até o momento e propón novos puntos de discusión sobre algúns aspectos de interese como a súa natureza e morfoloxía libraria, as mans implicadas ou o proceso de restauración. Finalmente, os artigos de Manuel Pedro Ferreira e Paulo Gonçalves (caps. 13 e 14) ofrecen novas perspectivas no estudo musical da obra de Martin Codax, salientando os trazos estilísticos que remontan ao ámbito da canción de muller ou á elaboración artística dos xograis galegos, así como o cuestionamento das condicións da práctica interpretativa dese repertorio lírico.

En definitiva, non hai dúbida de que esta valiosa monografía é xa de obrigada consulta para o maior e mellor coñecemento da obra de Martin Codax e do seu contexto literario, contribuíndo, ademais, ao espallamento do noso patrimonio lírico medieval fóra das nosas fronteiras e complementando, tamén, outras achegas recentes como os dous volumes –facsimile, edición, tradución e estudos– de *Cantigas de amigo: Pergamiño Vindel* (coord. M. Arbor, 2016), *Do canto à escrita. Novas questões em torno da Lírica Galego-Portuguesa. Nos cem anos do pertaminho Vindel* (eds. Graça V. Lopes e Manuel P. Ferreira, 2016) ou *Martin Codax e os xograres do mar de Vigo* (X. R. Pena, 2017).

Ricardo Pichel  
 Universidad de Alcalá  
 ripichel@gmail.com